



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

**INSTRUCCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A CIRCULAR 4/2013 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIONES PARA A IMPLANTACIÓN DO CUARTO CURSO DAS ENSINANZAS SUPERIORES DE DESEÑO.**

A Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, regula aspectos xerais do Traballo Fin de Estudos (TFE) que debe desenvolver o alumnado ao remate do cuarto curso destas ensinanzas.

A Circular 4/2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa desenvolve diversos aspectos referidos á implantación do cuarto curso das ensinanzas superiores de deseño.

No actual curso académico 2013-14 estase a implantar o cuarto curso destas ensinanzas. Ao remate deste ano académico, o alumnado matriculado nestas ensinanzas debe desenvolver un Traballo Fin de Estudos (TFE), consistente nun proxecto relacionado cos ámbitos de coñecemento abordados ao longo dos seus estudos. Dito TFE ten características diferenciadas segundo as distintas especialidades e o perfil profesional de cada unha delas.

En consecuencia, e co obxecto de facilitar ao alumnado a planificación da presentación do seu TFE, procede modificar determinados extremos da citada Circular 4/2013 dando unha nova redacción aos puntos 2.3.1., parágrafo primeiro, e 2.3.2., parágrafo final e 2.3.3. parágrafo primeiro:

Punto 2.3.1, parágrafo primeiro, liñas 3<sup>a</sup> e final:

“....e disporá de dúas convocatorias para a superación desta disciplina”.

Punto 2.3.2, parágrafo final:

“Como parte integrante do TFE, o alumnado presentará unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro.”

Punto 2.3.3, parágrafo primeiro, liñas 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup>:

“... expresada en termos numéricos cun decimal”...

O que lle comunico para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2014.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

